



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 10 de maio do 2017

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 23.15. horas

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Dona Ana Isabel Alonso Taboada
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús Jose Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Reboredo
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello e presidindo o alcalde don Manuel Fernández Munín, reúnen-se os concelleiros/as, que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno, que foi convocada cos requisitos legais esixibles.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Admisión recurso de reposición presentado polo señor Jesús xxxxx**
- 3. Rexeitamento alegacións presentadas por don Manuel xxxxx contra o acordo plenario de suspensión da inscrición do camiño número 11060 no inventario municipal de camiños**

4. **Desafectación do dominio público da segunda planta da vivenda para mestres, edificación construída en parcela, en Lamas - Sergude**
5. **Aprobación novo regulamento da escola infantil municipal**
6. **Recoñecemento extraxudicial de factura**
7. **Modificación proxecto da obra “acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil”. Nominativa PAS 2015**
8. **Aprobación da adhesión á asociación “Camiño Miñoto Ribeiro”**
9. **Mocións número 898 e 899 presentadas polo grupo Veciñ@s de Boqueixón**
10. **Información da alcaldía**
11. **Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

O señor Canabal di que na acta da sesión que tivo lugar o 8 de marzo do 2017 recóllese a intervención inicial feita polo noso grupo pero non ven a réplica. Nesta dicimos que nalgún momento había que regularizar a partida orzamentaria referida ao consumo eléctrico.

Posto que os orzamentos están limitados pola sen razón da regra de gasto, que como xa temos dito, non compartimos, principio claramente inconstitucional ao atentar contra a autonomía local, dixemos, e non foi o alcalde quen o dixo, que o incremento nesta partida, respectando o precepto da regra de gasto, podería facerse incrementando achegas finalistas para esta partida, polo que non se incrementaría o gasto computable na regra de gasto. Como exemplo puxemos o POS para gastos correntes.

É dicir, foi o portavoz de Veciñ@s quen fixo o comentario, e non o alcalde que simplemente aceptou o que dixemos, para ver a posibilidade de facelo en vindeiros exercicios, tentando así adaptar a partida dos consumos enerxéticos ao realmente executado nas distintas contas xerais, e tentar non ter que recorrer ao irregular e masivo recoñecemento extraxudicial de crédito de todos os anos.

Por unanimidade apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 8 de marzo do 2017.

2. Admisión recurso de reposición presentado polo señor Jesús xxxxx

Dáse conta do recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx contra o acordo de data 14 de febreiro do 2017 polo que se aceptaba unha alegación presentada por don Manuel xxxxx solicitando a inclusión dun camiño no inventario municipal.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Para non perdernos, onte os concelleiros fixemos un esquema da situación, posto que este asunto que ven hoxe a pleno é un tanto argallante. No pasado pleno votamos a favor da proposta, tendo da argumentación xurídica da secretaria e sen moita reflexión, posto que non tiveramos tempo de analizar a proposta ao chegar esta por trámite de urxencia.

Mais tendo un pouco máis de tempo, o que podemos observar é que a liña argumental do concello é contraditoria. Por un lado están os informes da secretaría ao longo do proceso que parecen defender a teoría de que este camiño é privado aínda que estea inscrito no catastro e aparece nos planos de concentración. Argumenta a secretaría que puido haber “unha desafectación polo uso, e ademais unha desafectación tácita por non ter alegado cando se aprobou o PXOM”; por outro lado temos os informes dos servizos técnicos municipais os cales parecen advertir que o camiño en litixio é público, e así se desprende do informe de alegacións do inventario municipal de camiños que se adxunta ao expediente de aprobación de dito inventario do pleno de febreiro.

Informándonos un pouco sobre o asunto, temos informacións de que o concello defendeu este camiño como privado no xulgado; é dicir, gañou a tese da desafectación (polo uso, ou tácita); porén e con posterioridade, cando se aproba o inventario municipal (no mes de febreiro), o mesmo concello reconece que o camiño é público e inclúeo no inventario de camiños.

Polo tanto compre preguntarse se o camiño é público ou privado. Porque á vista disto non está claro. Tan pouco claro, que está a ser dirimido nos xulgados.

Convirán comigo que o tema é un tanto raro. Parece defenderse unha postura de que o camiño é privado e logo acéptase unha alegación considerando público o camiño para acabar dicindo que se cadra non é tan público, polo tanto imos esperar a ver o que nos din (acordo de marzo deste ano ao que dimos apoio, tal e como se expresa no inicio da intervención). Vemos pois tres posicións en menos de seis meses.

Facendo unha análise un pouco calmada (que non xurídica que non nos corresponde), ao grupo municipal de Veciñ@s parécenos excesivamente raro que a inclusión no inventario se deba simplemente a un erro, pois a inclusión faise a raíz dunha alegación presentada. Parece máis ben que gañan as teses dos servizos técnicos urbanísticos sobre os servizos xurídicos. Esa é a impresión que dá.

Vista a argumentación que facemos, e sen tentar botar culpas a uns ou a outros, nin tampouco aos dous veciños que están solucionando as diferenzas no xulgado, queremos rectificar o voto que prestamos a favor no pleno de marzo. Por iso non imos dar apoio a esta proposta nin a do punto seguinte. **Simplemente nos abstemos.**

E froito do intenso debate que mantivemos neste caso coa secretaría no pleno, queremos reincidir que en ningún momento quixemos botar culpas a ninguén, nin tentar facer unha análise xurídica coa secretaría do concello. Simplemente facemos un relatorio á vista dos feitos, que pode, dende logo, ser froito de análises diversas. Nós é o que vemos. Dicir tamén, e para rematar, que asesorándonos cun avogado sobre a desafectación polo uso ou desafectacións tácitas sobre bens públicos, este manifestounos que isto non era posible. Supoñemos que este será o núcleo do proceso xudicial, e que haberá interpretacións diversas sobre o tema.

(Neste punto a secretaría, previa autorización do señor alcalde, di que o problema ven do acordo adoptado polo pleno do día 14 de febreiro do 2017 no cal cos votos a favor do PP e coa abstención do grupo Veciñ@s de Boqueixón, aceptouse unha alegación presentada polo señor xxxxx para incluír no inventario o camiño en cuestión, cando en realidade a citada reclamación non se debería admitir posto que o expediente está

xudicializado e ata que o xulgado emita sentenza (firme, no seu caso), o concello non debería optar por decisión algunha.

Foi un erro de todos posto que posiblemente ninguén nos demos conta de que a decisión sobre o camiño depende do xulgado: non se deu conta o técnico o cal ao informar favorablemente a alegación debería, polo menos, dicir que o camiño está cortado nun punto concreto, por unha edificación. Non se deu conta esta secretaria, que ese camiño da alegación era o mesmo que consta no xulgado e por último tampouco se deu conta a corporación porque, no caso contrario, alguén referiríase naquel momento á xudicialización do camiño.

E non é crible que o señor Barcala diga que non tiña coñecemento de que o tema do camiño estaba no xulgado, porque os concelleiros habitualmente solicitan ver os decretos e o rexistro de entrada e así mesmo, sempre nos plenos ordinarios dáse conta dos decretos e se remite copia dos mesmos. Concretamente con data 6 de marzo do 2015 déuselle traslado a todos os concelleiros dos decretos de datas 16 de febreiro (personarse no procedemento ordinario 15/2015 no xulgado e remisión de documentación ó xulgado) e mesmo se incluía no listado da relación de “información de alcaldía” (número 13 e 14)

En canto á consideración do camiño, como público ou privado, dicir que efectivamente esa é a cuestión que debe decidirse no xulgado, porque se ben o camiño aparece na cartografía da concentración parcelaria, tanto o inventario municipal como as normas subsidiarias municipais daquela vixentes, non o recoñecían, nin o actual PXOM.

Por outro lado, a edificación leva construída 30 ou máis anos.

En consecuencia para arquivar o expediente tívose en conta estes datos, en base ao artigo 8.4 do regulamento de bens que se refire a alteración automática e ao artigo 1959 do código civil que se refire a posesión non interrompida durante 30 anos, sen necesidade de título nin de boa fe)

A continuación procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e coa abstención do grupo Veciñ@s de Boqueixón, e en base aos seguintes:

“Antecedentes

1. – A Xunta de Goberno realizada o día 20 febreiro 2014 acordou iniciar expediente de reposición da legalidade contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx, para a demolición dunha edificación que invade un camiño público en Baiuca (Ledesma).

2. – A Xunta de Goberno do 18 setembro 2014, acordou arquivar o expediente.

3. – O 24 de outubro 2014, dona Esclavitude xxxxx, interpuxo recurso reposición que foi rexeitado en xunta de goberno do 6 novembro 2014. Contra este rexeitamento don José e don Manuel xxxxx interpoñen recurso contencioso administrativo.

4. – O pleno da corporación en sesión celebrada o 14 de febreiro 2017, previo informe favorable do técnico, acordou aceptar unha alegación presentada por don Manuel xxxxx na fase de exposición pública do inventario municipal de camiños. En dita alegación o Sr. xxxxx solicita a inclusión do camiño número 11060 de Ledesma – Baiuca (pendente

de resolución xudicial en autos: PO 15/2015) e en consecuencia incluílo non inventario de camiños.

5. – Con data 1 de marzo de 2017, don Jesús xxxxx presenta un escrito no concello no cal solicita a suspensión do prazo para formular recursos, así como copia das actuacións obrantes no expediente tramitado para a inclusión do camiño no inventario.

Con data 22 de marzo, o Sr. xxxxx presenta **recurso de reposición** contra o acordo plenario do 14 de febreiro de 2017, no cal sinala que o acordo recorrido e nulo de pleno dereito pois contradí abertamente outro acordo ditado polo concello o 18 de setembro de 2014 no cal se arquivou o expediente de reposición da legalidade e que, ademais, está sendo obxecto de revisión en vía xurisdiccional no procedemento ordinario nº 15/2015 do xulgado contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

Solicita, que se dite nova resolución deixando sen efecto o acordo recorrido e desestimando a alegación presentada por don Manuel xxxxx e rexeitando incluír os vestixios do antigo camiño que se reflicte no plano de concentración parcelaria de Ledesma – Baiuca no inventario de camiños do concello ao ter desaparecido dito camiño, tanto na realidade coma no PXOM de Boqueixón.

Fundamentos xurídicos

1/ A Lei 39/2015 de procedemento administrativo común regula no artigo 124 o prazo para a interposición do recurso de reposición, que é de un mes e o prazo máximo para ditar e notificar a resolución que tamén é un mes.

Sen embargo o artigo 32.1/ establece que a administración pode conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación de prazos establecidos, sempre que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican os dereitos do terceiro.

Establece, así mesmo o artigo 22.1. g) que a suspensión poderá concederse cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por parte dun órgano xurisdiccional.

En consecuencia, se o acordo recorrido é do 14 de febreiro de 2017 e o recurso ten entrada o 22 de marzo, pero a solicitude da suspensión, do prazo ten data do 1 de marzo 2017, pódese concluír que o recurso foi presentado dentro do prazo.

2/ A mesma Lei 39/2015 no parágrafo final do artigo 24 apartado 1/ establece que o sentido do silencio será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados.

Tendo en conta, por outro lado, que este procedemento está sendo obxecto de revisión en vía xurisdiccional no procedemento ordinario número 15/2015 do xulgado contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela polo que é de aplicación o establecido no artigo 22.1.g) da mesma lei que regula a suspensión do prazo máximo para resolver cando sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por parte dun órgano xurisdiccional.

Tendo en conta, finalmente que por un lado o pleno da corporación en sesión celebrada o 8 de marzo xa ten acordado suspender a execución do acordo de inscrición no

inventario de camiños, do camiño nº 11060 ata que se dite a correspondente resolución xudicial e por outro que a desestimación do recurso comportaría unha discrepancia entre o acordado polo concello e o pretendido polo recorrente”

ACÓRDASE:

1. Admitir o recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx con data 22 de marzo de 2017 contra o acordo plenario do 14 de febreiro de 2017 e en consecuencia, manter a suspensión de execución do acordo de inscrición no inventario municipal de camiños, do camiño nº 11060 que figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma en Baiuca, iniciando o seu tramo na AC-960, ata que se dite a resolución xudicial firme.

2. Comunicar este acordo ao Sr. xxxxx

3. Rexeitamento alegacións presentadas por don Manuel xxxxx contra o acordo plenario de suspensión da inscrición do camiño número 11060 no inventario municipal de camiños

Dáse conta da alegación presentada por don Manuel xxxxx contra o acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión do día 8 de marzo do 2017 de suspensión da inscrición do camiño no inventario municipal de camiños.

O señor Canabal di que xa se ten argumentado no punto anterior , polo que se absteñen.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e coa abstención de Veciñ@s de Boqueixón e en base aos seguintes:

“Antecedentes

1. O pleno que tivo lugar o 8 de marzo do 2017 acordou suspender a execución do acordo de inscrición no inventario municipal de camiños, do camiño número 11060 que figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma en Baiuca, iniciando o seu trazado na AC 960, ata que se dite a resolución xudicial firme, no seu caso.

2. Contra este acordo, con data 20 de marzo do 2017 don xxxxx presenta escrito de alegacións no que solicita se acorde a inclusión do camiño no inventario e a realización de labores de mantemento a fin de que os veciños poidan facer oportuno uso do mesmo, con independencia de que se suspenda a execución da demolición da construción, a expensas de resolución xudicial.

Fundamentos xurídicos

O artigo 98.1 a) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, é claro ó establecer que os actos das administracións públicas son inmediatamente executivos, salvo que se produza a suspensión.

Isto quere dicir que unha vez adoptado o acordo, este debe executarse e mesmo as partes interesadas poden solicitar a súa execución, no caso de que o concello non o faga.

Sen embargo a suspensión, non implica que sexa definitiva senón que é algo temporal e neste caso trátase unicamente de esperar a que se dite sentenza xudicial, que será en definitiva quen decida.

En canto as labores de mantemento, para que os veciños poidan acceder ás fincas de concentración, xa que existe unha diferenza de nivel que obstaculiza o acceso, dicir por un lado que o desnivel existente é un desnivel natural totalmente independente da intervención e da acción humana, que existe desde sempre polo que esa obstaculización non é de agora.

Por outro lado, débese ter en conta así mesmo, que os veciños da contorna que teñen fincas de concentración dispoñen de acceso ás mesmas por outra vía pública, o mesmo que dispuxo o señor xxxxx durante moitos anos e segue dispoñendo na actualidade, aínda que realmente o camiño obxecto de discordia e sometido a ditame xudicial figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma en Baiuca.”

ACÓRDASE:

1. Rexeitar a alegación presentada por don Manuel xxxxx, contra o acordo plenario de data 8 de marzo do 2017 relativo á suspensión da execución do acordo de inclusión no inventario municipal do camiño que figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma, en Baiuca, iniciando o seu trazado na AC-960 (número 11060).

2. Comunicar este acordo ao señor xxxxx

4. Desafectación do dominio público da segunda planta da vivenda para mestres, edificación construída en parcela, en Lamas-Sergude

Dáse conta do expediente tramitado en relación coa desafectación do dominio público, da segunda planta destinada a vivenda de mestres, sita na parcela en Lamas – Sergude.

O señor Canabal di que “Segundo informe xurídico da Secretaria, arguméntase que esta proposta é conforme á lei.

Como o obxectivo desta proposta vai no senso da moción que presentamos neste pleno sobre a creación dunha bolsa de alugueiros sociais, **apoiamos** a proposta e argumentarémola cando defendamos esa moción.”

En relación coa desafectación da segunda planta da edificación construída na parcela situada en Lamas- Sergude e destinada a vivenda de mestres e tendo en conta o informe emitido por secretaria intervención, por unanimidade e en base aos seguintes:

Antecedentes

Primeiro.- No libro do inventario de bens do concello, aprobado polo pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día 11/03/2015 reflíctese co código de ben nº 1INMO1200027, no epígrafe 1, con carácter de ben inmovible o seguinte:

- Escola educación infantil Lamas – Sergude
- Natureza: Dominio público
- Lindeiros:
 - Norte, propiedade 15012C505000260000DW de xxxxx, Rosa María.
 - Sur, viario.
 - Este, propiedade 15012C505000270000DA de xxxxx, María Ermitas.
 - Oeste, propiedade 15012C505000260000DW de xxxxx, Rosa María e viario.
- Superficie total da parcela: 1.084 m², sobre a que se encontra unha edificación que ocupa en planta 144 m².
- Descrición da edificación: construción de dúas alturas de planta rectangular, composta por unha planta baixa de 144 m² destinada a escola infantil e unha planta primeira de 144 m² destinada a locais sociais e antiga vivenda de mestres. O acceso principal a planta baixa de edificio realizarase pola fachada sur a través da parcela que a contén e a planta primeira a través das escaleiras exteriores pola fachada norte a través da parcela que a contén.
- Características da construción e estado de conservación: Estrutura de paredes de pedra e tamén formigón armada, fachadas terminadas con enfoscado de cemento liso e pintura de cor branco. Ventás de carpintería de aluminio. Interiores con chans acabados con lousas de cortiza en locais da escola, resto con baldosa cerámica. Paredes e teitos lisos con acabado pintado. Portas interiores de madeira. Con instalación de electricidade, fontanería, saneamento e telecomunicacións.
- Data de adquisición: 16/06/2010.
- Título: Concentración parcelaria.
- Inscripción Rexistro da Propiedade: Finca, 18330; tomo, 1238; libro, 87; folio, 90.
- Referencia catastral: 000401100NH44A0001QE.

Segundo.- Tendo en conta que dito inmovible atópase adscrito a un servizo público e tendo en conta, así mesmo, que estas edificacións destinadas a vivendas de mestres non veñen sendo destinadas nin ocupadas efectivamente para ditos fins, existindo ademais en canto ás vivendas reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre a inexistencia por parte dos concellos da obriga de proporcionar aos mestres de vivenda.

Por isto, procede e é conveniente desafectalas do servizo que viñan sendo destinadas a fin de poder satisfacer outras demandas en beneficio dos habitantes do municipio.

Fundamentos xurídicos

1º. – A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 81.1, establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

2º. – O Regulamento de Bens das Entidades Locais, Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, no artigo 4 establece que son bens de servizo público os destinados directamente ao cumprimento dos fins públicos, tales como as escolas. E no artigo 8/ establece que a alteración xurídica dos bens require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade e que o expediente debe ser resolto, previa información pública durante un mes, pola corporación local e por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

3º. – O artigo 269 da Lei de Administración Local de Galicia, establece así mesmo, que a alteración da cualificación xurídica require expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade e que o acordo deberá ser adoptado co voto favorable da maioría absoluta.

4º. – Neste caso, ao tratarse dunha vivenda de mestres, ademais débese ter en conta o Real Decreto 605/1987 polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación, que establece no artigo 2 apartado 1/ que os expedientes de autorización serán tramitados polas direccións provinciais do Ministerio de Educación a solicitude do concello que estea tramitando o procedemento de desafectación ou que se proponha destinar tales edificios a usos ou servizos públicos de carácter local.

Tendo en conta que o procedemento de desafectación require acreditar a oportunidade e a legalidade, procede solicitar dita autorización do Ministerio aínda que a disposición adicional do citado Real Decreto 605/1987 estableza que non será de aplicación ás Comunidades Autónomas que se atopen en pleno uso das súas competencias educativas,

ACÓRDASE:

Primeiro. - Iniciar o expediente de desafectación do dominio público do seguinte ben:
Vivenda para mestres de 144 m², situado na segunda planta da edificación construída na parcela situada en Lamas – Sergude.
Referencia catastral: 000401100NH44A0001QE, inscrita no Rexistro da Propiedade, número de finca 18330; tomo 1238; libro 87; folio 90.
Inscrita no inventario municipal de bens.

Segundo. – Xustificar a oportunidade da alteración da cualificación xurídica, pola necesidade de utilizar a citada vivenda para fins sociais, sendo destinada ao uso de familias necesitadas por circunstancias excepcionais e sobrevidas, por un tempo determinado.

Terceiro. – Expoñer ao público o expediente por un prazo de **un mes** mediante publicación no BOP, na páxina web do concello e no taboleiro de edictos, e solicitar simultaneamente autorización previa para a desafectación de dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarto. – Considerar a desafectación definitivamente aprobada no caso de non presentase reclamación e de obterse a correspondente autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5. Aprobación novo regulamento da escola infantil municipal

O señor Canabal di o seguinte: “En canto á ordenanza de regulamento da Escola Infantil, queremos facer unhas consideracións que nos chamaron a atención:

En primeiro lugar, parece que se tenta solucionar en certa maneira a admisión de prazas para aqueles nenos que nazan despois do prazo ordinario de matriculación. Dicimos en certa maneira, porque pode darse o caso de que non existan prazas na Escola Infantil, a pesares de que lle correspondera praza por cumprir todos os demais requisitos. Non sei se os concelleiros recordan que trouxemos a este pleno un caso concreto desta situación, na que se denegara a praza posto que o neno aínda non nacera.

En segundo lugar, quixeramos expoñer que dunha primeira lectura do regulamento observamos que as normas de alimentación son contraditorias co artigo 2.3.

Pasadas estas cuestións, non observamos grandes eivas na ordenanza. Mais no que si queremos pararnos é nas tarifas que se propoñen nesta ordenanza:

- É certo que coinciden coa Resolución de 21/07/2014 da Consellaría de Traballo e Benestar polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellaría.
- Mais se as comparamos coa actual ordenanza de 2009, vemos que estas soben expoñencialmente (un promedio dun 65%) tal e como expoñemos no seguinte cadro:

CONCEPTO	ORDENANZA 2009	ORDENANZA 2017	INCREMENTO
MATRÍCULA	30,05 €	50,00 €	66,39%
ASISTENCIA	110,00 €	164,01 €	49,10%
COMEDOR	33,00 €	71,76 €	117,45%
COMEDOR (días soltos)	2,00 €	4,10 €	105,00%
TOTAL (COMEDOR E ASISTENCIA)	143,00 €	235,77 €	64,87%

- E en canto ás reducións en función da renda, vemos que esta ordenanza adoce dun problema fundamental. Na ordenanza anterior, aínda que con menos tramos, collíase a “renda per cápita”, mentres na actual ordenanza vén a renda da unidade familiar. Unha renda familiar de 200% IPREM, supón pouco máis de 1.000 € mensuais (e para familias de 4 membros, poñemos por exemplo) con esa renda non ten dereito a bonificación (porque non vimos o da renda per cápita que si se establecía na anterior ordenanza).
- Por último, aínda que a resolución da Consellaría de Traballo e Benestar onde se aproban as tarifas non o especifica, supoñemos que non prohibirá unha tarifa reducida para quen dispoña do servizo a media xornada (4 horas ou menos).

Son estes dous puntos fundamentais a discutir, posto que a redacción desta ordenanza tal cal está é moito máis regresiva que a anterior, xa sen manifestarnos polos importantes incrementos que rexistran.

É así que de non atenderse a estas propostas, non podemos dar apoio a esta ordenanza.”

Á vista do erros detectados acórdase deixar este punto sobre a mesa para proceder coa correspondente corrección.

6. Recoñecemento extraxudicial de factura

Dáse conta da factura emitida polo restaurante A Cañiza, por importe de 140,00 euros, de data 19 de decembro do 2016.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “En canto ao recoñecemento extraxudicial, imos remitirnos ao dito no pleno pasado, no anterior, nos do ano pasado. O que si que faremos, como sempre, é actualizar os datos:

- Número de facturas recoñecidas extraxudicialmente no 2017: 278.
- Importe das facturas recoñecidas extraxudicialmente no 2017: 108.645,87 €.

Mais desta vez, queremos facer referencia á factura en si.

Preséntannos unha factura dun menú diario para os 6 albaneis do concello o 19/12/2016, porque ían seguir en horario de tarde. Ata aquí, todo ben.

Pero e que a factura por importe de 23,33 €/persoa(140 € en total) é dun menú (tal e como ven na factura), composto de croquetas, lagostinos, navallas, parrillada de carne, bebida, sobremesa e café.

Certamente, parécelle aos señores concelleiros do PP que nos chupamos o dedo? Parécelle ao Sr. Sanjuás (que é quen asina dito informe) que somos parvos? Ou é que pretende facernos parvos e que comunguemos con rodas de muíño?

Poderán aceptar esta factura e pagala (que por certo, seguimos sen ver os prezos desagregados nela tal é como advirte a intervención do concello), pero podemos garantirlle que todo Boqueixón saberá en qué e cómo se gastan os cartos neste concello. Certamente, se xa resulta indignante que se apliquen recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos neste concello, máis nos indigna que nos tomen por parvos, e que gasten tan alegremente os cartos neste concello.

Non poderemos parar este escándalo neste pleno, nin tampouco xudicialmente, mais darémoslle a ver ao concello por quen están gobernados.”

O señor Sanjuás di que el non foi mirar o que comían.

O señor Canabal responde que parece un insulto e o señor Sanjuás di que como tiveron que traballar ata moi tarde para finalizar a obra, é mellor que foran comer e non ter que aboar o importe de horas extras ou que librasen os seguintes días.

O señor Canabal di que aínda así sería el (o señor Sanjuás) quen deba encargarse dos menús.

O señor Sanjuás responde que el descoñecía o que ía cobrar.

A señora Soutullo, di que a factura é excesiva.

O señor Bermúdez di que non é un menú diario, pero tampouco é excesivo, pois se estiveron traballando ata as cinco da tarde, ou ben se lle aboarían as horas a maiores ou ben se lles debía pagar a comida, tal como se fixo neste caso.

O señor Canabal di que cos fondos dunha Administración Pública non se deben aboar lagostinos e navallas. Sería suficiente coa parrillada de carne.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Aprobar a factura número 11, de data 19 de decembro do 2016 do restaurante A Cañiza, por importe de 140,00 € por seis comidas atraballadores do concello.
2. Comunicar este acordo á tesourería para que se proceda co seu aboamento.

7. Modificación proxecto da obra “acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil”. Nominativa PAS 2015

A Deputación da Coruña financiou, no Plan PAS 2015, a obra denominada “acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil” por un importe de 40.696,00 euros.

Este proxecto foi aprobado por Resolución da alcaldía ditada o día 25 de abril e ratificado no Pleno realizado o día 14 de setembro de 2016.

No anterior proxecto, e debido a que a leira sobre a que se vai a realizar a obra non era naquel momento propiedade do concello, non se recollían certas reformas que neste momento e debido á nova situación serían beneficiosas para optimizar o uso das novas instalacións.

Ademais da adquisición da propiedade, tamén se ten que ter e conta que esta parcela se atopa lindando coa leira propiedade da Xunta de Galicia na que se atopa a edificación da nave de Protección Civil e que tamén pasa a ser propiedade municipal debido a un acordo de compra.

Polo tanto, tendo en conta estas dúas novidades con respecto á orixe da redacción do proxecto e para optimizar o uso da futura obra, o arquitecto técnico, don Isidro López Yáñez, emite un informe no que reflicte as pequenas variacións que se realizan no novo proxecto e no que indica que as modificacións realizadas con respecto ó proxecto primitivo non son substanciais. Compre precisar que o orzamento xeral do proxecto non varía co redactado orixinalmente.

É preciso, logo de ser aprobado polo pleno, que se remita a nova documentación á Deputación, para que lle dea o visto bo e poder iniciar xa as obras.

O señor Canabal di que o grupo municipal de Veciñ@s vai deterse nesta modificación ao igual que xa fixera na aprobación do proxecto subvención nominativa da deputación provincial no pleno do mes de decembro de 2015, e nas ratificacións deste proxecto na sesión do 14 de setembro de 2016.

Daquela, se ben non nos negamos á compra da parcela, puxeramos reparos no seu uso, toda vez que nos parece non apropiado que esta parcela en solo urbano e cuns custos por m² superiores aos 100 € teña un uso para aparcadoiro da maquinaria. Pensamos que esta finca poderá ter uns usos máis axeitados como pode ser a construción dun centro de día, ou outras dotacións sociais/asistenciais, tentando facer un aparcadoiro para a maquinaria noutro lugar.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1 Aprobar a modificación do proxecto reformado do acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil por un importe de 40.696,00 euros.

2 Comunicar este acordo á Deputación da Coruña coa finalidade de que aproben a realización das obras.

8. Aprobación da adhesión á asociación “Camiño Miñoto Ribeiro”

Con data do 26 de decembro de 2016 déuselle rexistro de entrada neste concello ó escrito do alcalde do concello de Cortegada, actuando en calidade de Presidente da asociación sen ánimo de lucro “Camiño Miñoto Ribeiro”, no que comunica a importancia para o noso concello do proxecto de recuperación e posta en valor deste camiño e convida ó concello de Boqueixón a adherirse posto que parte do camiño Miñoto Ribeiro transcorre polo municipio, en concreto polas parroquias de Lestedo e Sergude.

Entre as finalidades da asociación, atópanse:

- Ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes interesados en promover o desenvolvemento do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.
- A regulación e promoción do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.
- Vertebrar e constituír un foro de debate continuo sobre as accións de conservación e promoción do camiño.
- Sensibilizar ás administracións públicas, canalizando as demandas, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos da zona.
- Ser un centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ó Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.
- Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de desenvolvemento, conservación e promoción do camiño.

- Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona, especialmente os relacionados co paso do antigo camiño de peregrinación a Santiago de Compostela.
- Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento e promoción do camiño.

Na actualidade, están adheridos os seguintes concellos: Lobios, Boborás, Padrenda, Vedra, Ribadavia, Pontedeiva, Arnoia, Beade, Leiro, Forcarei, Cortegada e Entrimo.

Na Asemblea Xeral ordinaria da asociación que tivo lugar o 12 de xaneiro de 2017 estableceuse unha cota anual de 500 euros por cada socio.

O señor Canabal di que: "Van votar a favor da adhesión aínda que o fan a cegas. Non estaría de máis que nos pasaran un dossier das actividades realizadas por esta asociación.

Loxicamente compartimos as finalidades da asociación, e se isto serve para unha recuperación histórica deste camiño, que pode ter tamén un potencial turístico, lúdico e cultural, non imos a opoñernos á adhesión, aínda que solicitamos máis información sobre esta asociación e das accións que teñan en marcha e das que van a realizar.

Mais adiante xa valoraremos se paga a pena estar na asociación.

O señor alcalde di que en principio a asociación está tratando de atopar o camiño por donde debe transcorrer. Para isto estase recompilando documentación para remitila á Xunta de Galicia e ao concello interésalle porque este camiño transcorre por Lestedo, Sergude ata enlazar coa Vía da Prata.

Segue dicindo o señor alcalde que a medida que se vaia obtendo documentación daráselle traslado dela.

Por unanimidade acórdase:

- 1.- Adherirse á asociación "Camiño Miñoto Ribeiro".
- 2.- Aceptar os estatutos da asociación.
- 3.- Aprobar o pago da cota anual de 500 euros.
- 4.- Facultar á alcaldía para que en representación do concello, realice todos os trámites necesarios.

9. Mocións número 898 e 899 presentadas polo grupo Veciñ@s de Boqueixón

A) Moción 898: creación dunha bolsa de alugueiros sociais

Defende esta moción a Sra. Soutullo Carolo.

Exposición de Motivos:

Primeiro: A Consellaría de Infraestruturas e Vivenda xunto con numerosos concellos galegos están a asinar convenios de adhesión ao "Programa de Vivendas Baleiras" da Xunta de Galicia, convenios que teñen por obxectivo facer dun conxunto de inmo-

desocupados unha bolsa de vivendas sociais dedicadas a persoas que por circunstancias económicas, persoais ou familiares, se atopen en situación de dificultade.

Segundo: No concello de Boqueixón dispóñense actualmente dunha serie de edificacións, entre as que destacamos reitorais, locais sociais, escolas unitarias en desuso... que tras a conveniente rehabilitación, poderían poñerse a disposición de diversos colectivos de usuarios en situación de dificultade, mediante a fórmula do “alugueiro social”.

Terceiro: Con esta medida cumpríranse tres obxectivos fundamentais para o concello de Boqueixón; o primeiro, o valorizar diversas edificacións en risco de “ruínas”; segundo o de axudar a todas aquelas familias en situacións de dificultades, e tamén os de axuda á emancipación dos mozos/as do noso concello; o terceiro, o mantemento da poboación no concello, evitando que a xente nova teña que marcharse e alugar pisos noutros concellos da comarca.

Cuarto: O grupo municipal de Veciñ@s, propón unha catalogación de todas estas edificacións baleiras susceptibles da conversión en vivendas, para que o concello poida facerse co seu uso, mediante diversos convenios (coa igrexa, co estado, con veciños propietarios de vivendas baleiras...), para poder poñelas a disposición da veciñanza en dificultades, e en réxime de alugueiro social.

Quinto: O concello de Boqueixón actuaría sobre estes inmobles a través dos distintos plans de emprego e outros (obradoiro de emprego, distintas cuadrillas de obras do concello, plans doutras administracións...), ao fin de acondicionar estes edificios con condicións axeitadas para vivir neles.

Sexto: Os servizos sociais do concello, mediante a pertinente ordenanza, serán os encargados de adxudicar estas vivendas segundo criterios obxectivos. Estes adxudicaranse por un tempo determinado e en función do nivel de renda, con posibilidade de prórroga sempre e cando sigan mantendo os requisitos establecidos na propia ordenanza.

É por iso que sometemos ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

1. Asinar coa Consellaría de Infraestruturas e Vivenda o convenio de adhesión ao “Programa de Vivendas Baleiras” da Xunta de Galicia.
2. Elaborar un censo de potenciais vivendas en Boqueixón.
3. Asinar os convenios necesarios cos titulares dos distintos inmobles para a súa posta a disposición por parte do presente programa.
4. Elaborar un borrador de ordenanza que dispoña esta bolsa de vivendas ás familias máis desfavorecidas.

Di así mesmo a Sra. Soutullo que descoñecen por que este concello non asinou coa consellería o convenio, cando outros concellos, como Vedra si o fixeron.

Responde o señor alcalde que o motivo é que non había vivendas e precisamente no punto número 4 desta sesión trátase a desafectación da vivenda de mestres para esa finalidade. En canto ás reitorais, xa é diferente porque non depende só do concello.

Por unanimidade apróbase esta moción.

B) Moción 899: retirada da ordenanza do IIVTNU

Defende esta moción o Sr. Canabal

Exposición de Motivos:

Primeiro: O concello de Boqueixón aprobou a ordenanza do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) no pleno extraordinario de 12 de novembro de 2004, con entrada en vigor a partires do 01/01/2005.

Segundo: A lexislación básica en materia de facendas locais, establece que este imposto é potestativo, polo que a esixencia depende das Administracións Locais.

Terceiro: O Tribunal Constitucional (TC), sentenza 26/2017 de 16 de febreiro de 2017 declarou inconstitucionais varios artigos do imposto municipal sobre as plusvalías, que en teoría grava a revalorización dos inmobles cando son vendidos, pero que na práctica é abonado sempre, aínda que estes perderan valor.

Cuarto: A transcendencia de dita sentenza é enorme, posto que afecta á substancia do imposto de plusvalías cuxa regulación se contempla no artigo 107 da Lei de Facendas Locais e que foi obxecto de varias cuestións de inconstitucionalidade pendentes aínda de resolución.

Quinto: A norma do IIVTNU contempla un **cálculo de valor de forma obxectiva** a partir do seu valor catastral e dos anos (entre un mínimo de un e un máximo de 20) durante os que o propietario foi titular do mesmo. É dicir, trátase dun cálculo cego á realidade do incremento de valor e ademais non admite “proba en contra”, con independencia de que houber ou non unha ganancia patrimonial.

Sexto: O TC, di nesta sentenza algo de “senso común” e é que os criterios ou táboas automáticas, ou a aplicación automática dos coeficientes previstos na norma ao valor catastral do chan no momento da transmisión, conducen a que se pague ao marxe de que se produza ou non un incremento de valor. Págase polo que di o valor catastral e non polo que sexa o seu valor real, nin porque responda a unha ganancia real. En consecuencia, resulta confiscatorio aplicar un tributo a quen, como consecuencia da evolución do mercado, se empobrece ao vender un ben inmovible que comprou no pasado por máis valor do que agora recibe.

Aínda que o propio TC establece que é “plenamente válida a opción de política lexislativa dirixida a someter a tributación os incrementos de valor mediante o recurso a un sistema de cuantificación obxectiva de capacidades económicas potenciais, en lugar de facelo en función da efectiva capacidade económica posta de manifesto”, esta non pode realizarse de calquera maneira.

Unha vez feita a precisión, é importante ter presente que unha cousa é gravar unha renda potencial (o incremento do valor que presumiblemente se produce co paso do tempo en

todo terreo de natureza urbana) e outra moi distinta é someter a tributación unha renda irreal, diferenza esta que é importante subliñar “porque, se así é, é evidente que o precepto cuestionado sería contrario ao principio constitucional de capacidade económica (art. 31.1 CE), dado que dito principio quebra en aqueles supostos nos que a capacidade económica gravada polo tributo sexa non xa potencial, senón inexistente ou ficticia”.

Sétimo: O Tribunal considera que o citado imposto é contrario ao principio de capacidade económica, previsto na constitución. A norma cuestionada establece un imposto sobre a plusvalía dos terreos de natureza urbana, imposto que se devenga no momento en que se produce a venda do ben e que se calcula de forma obxectiva a partir do seu valor catastral e dos anos (entre un mínimo de un e un máximo de 20) durante os que o propietario foi titular do mesmo. Deste xeito, calcúlase de modo que non ten en conta se o inmovible gañou ou non valor e xera unha ficción de incremento económico que, ademais, impide ao particular toda proba en contrario.

Oitavo: A raíz desta sentenza, deberán ser deseñados de novo estes impostos locais de maneira que non se graven “situacións” nas que non se producira unha ganancia económica ou se impida “aos contribuíntes acreditar que non se produciu efectivamente un incremento de valor”

É por iso que sometemos ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1. A retirada do IIVTNU do Concello de Boqueixón, ata a redacción dun novo imposto que garanta o principio de capacidade económica no senso reflectido na sentenza do Tribunal Constitucional sinalada.

O señor alcalde di que realmente a recadación é moi escasa polo que a súa retirada non afectaría moito ás arcas municipais.

Por unanimidade apróbase esta moción.

10. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos entre o 3 de marzo ata o 4 de maio do 2017

11. Rogos e Preguntas

Dáse resposta á pregunta formulada polo concelleiro Perfecto Barcala no pleno ordinario do 8 de marzo do 2017:

“2. Segunda: sobre o servizo de internet

Levamos tamén moito tempo reclamando melloras no servizo de internet. Que pasa con este servizo? Temos constancia que cada día que pasa, o acceso ás novas tecnoloxías é máis deficiente. Queremos implantar a sede electrónica e non temos acceso a internet no concello? Haberá que preguntarse onde foron parar as subvención da Comunidade Europea para a mellora da instalación do internet no rural?

Temos constancia que parroquias do noso lado, como pode ser Vilanova ou Santa Cruz, teñen un acceso de 10 Mb, mentres que en puntos do noso concello non chegamos a 1. Que empresa se vai instalar en Boqueixón, con este servizo tan deficiente?

É unha cuestión fundamental, que temos que resolver, por iso instamos a que se faga algo sobre o motivo. A tecnoloxía de satélite, ou a 4G como vostedes informan nas preguntas do pleno anterior non é unha solución a curto prazo. E as centralíñas que de momento contan os operadores están obsoletas, polo que haberá que instar ás compañías que subministran o servizo, así como a Xunta de Galicia a que resolva estes problemas no menor tempo posible.

Ao igual que respondín no pleno ordinario do 8 de marzo do 2017, existen numerosas empresas operadoras que ofrecen o servizo de acceso a internet de forma rápida a través da tecnoloxía 4G e a veciñanza pode contratar con estas operadoras en calquera momento que o desexen, o servizo 4G e ter as súas necesidades cubertas. Seguimos presionando para que se lle mellore o servizo existente.”

A) A continuación o señor Canabal fai as seguintes preguntas:

1. Pregunta realizada por un veciño

No pasado mes de marzo chegounos un correo procedente dun veciño que dicía o seguinte:

“O pasado día 22 de febreiro o río Záramo lucía así (adx. fotos). Suponse que toda esa espuma ven da lavandería pero... ninguén sabe nada, non é nin a primeira nin a segunda vez que o río queda así .

Creo que non fai falla que faga preguntas xa que poden ser miles sobre este tema, mais:

- De onde ven a espuma?
- Por qué acaba no río?
- Qué se pode facer?
- Qué se vai facer?
- Por qué ninguén fai nada?
- Por qué ninguén di nada?...etc.”

En relación a estas preguntas vimos que o 09/03/2017 rexistrábase un escrito de Espina & Delfín (empresa concesionaria da rede de saneamento) que textualmente dicía:

“O pasado 22/02/2017 o operario de garda recibiu unha chamada sobre as 18.30 h de D. Juan Corral que non contestou ao non escoitar o son do timbre polo ruído ambiente. Máis tarde ao ver a chamada perdida tentou poñerse en contacto pero non lle responderon. Ao día seguinte, o xoves 23/02/2017, comunicáronnos que a chamada era por un vertido de espuma no Río Pereiro.

O rastro da espuma indicaba que o vertido procedía da saída da rede de pluviais do polígono de Sergude ao río.

Revisadas as saídas das acometidas de pluviais das naves do polígono non se observou en ningunha delas que houber rastros de vertido de escumas, polo que non se puido determinar concretamente a orixe exacta do vertido.”

Entón, ante este asunto esiximos ao concello aclaracións, posto que como pode verse nas fotos que acabo de amosarlle, este vertido si existiu, e tendo en conta que se nos vendeu a obra dos colectores de Deseiro para solucionar a situación creada pola

lavandería, consideramos este tema de extrema gravidade, e solicitamos as oportunas explicacións, tanto por parte da empresa concesionaria como do concello (o que puido fallar, e as medidas que se adoitarán para que non volva a ocorrer, ademais da posibilidade de sancións en caso de que se amose negligencia por parte da empresa encargada da rede de saneamento).

Responde o señor alcalde que non conseguiu falar con Espina&Delfín aínda que si sabe que presentou un informe.

Por outro lado, posto en contacto coa lavandería comunicáronlle que non se fixo nada distinto do habitual. Polo que en principio, descoñécese a que foi debido aínda que se continúa investigando.

O señor Barcala di que a próxima vez deberíase chamar ao SEPRONA.

2. Sobre a colocación de pivotes na estrada N-525, no 26 – Lestedo.

Quixéramos saber quen colocou os pivotes no 26, en Lestedo, e se para a súa colocación o autorizou o Ministerio de Fomento.

Responde o señor alcalde que colocounos o concello e posiblemente os haxa que retirar aínda que posteriormente á colocación solicitamos autorización á “Estradas” e estamos pendentes de que o autorice. En caso contrario teremos que retiralos.

3. Sobre o perigo da N-525 ao seu paso por Lestedo.

Trasladamos ao pleno a inquedanza sobre o perigo na N-525 no 26. Despois dos numerosos atropelos nos pasos de peóns, obsérvase que hai vehículos que pasan a gran velocidade, polo que solicitamos ao Concello que se poña en contacto con tráfico, para tentar buscar algunha solución sobre mellora de seguridade da vía sen que estas prexudiquen aos veciños residentes (colocación dalgún tipo de semáforos, radar...).

Responde o señor alcalde: “trataremos de conseguir poñer algunha sinal de precaución.

4. Sobre sinais cortadas en Lestedo.

Vimos neste fin de semana postes de sinais cortadas en Lestedo (concretamente xunto a igrexa), no que quedou un anaco da mesma que pode ser perigosa para os peóns ou para o tráfico de vehículos. ¿Quen cortou o sinal?

Responde o señor alcalde: “roubaron algúns postes das sinais.”

O señor Canabal di que se deben repoñer porque de non facelo, resulta perigoso tanto para as persoas coma para o tráfico.

5. Sobre o asfaltado recente da pista de Ramil.

Nestes días algúns veciños queixáronse sobre o estado da pista de Ramil, recentemente asfaltado. Temos comentado neste pleno que deberemos fuxir de asfaltados deste tipo e ir camiñando cara aglomeracións. Á vista deste asfaltado, vemos que polo de agora é perigoso para o tránsito pola cantidade de grava miúda que hai na calzada, e ademais, visto o resultado da obra, podemos adiantar que pouco vai durar sen volver a estar nun estado ruinoso toda vez que non parece que se fixera nada no firme (e en certos lugares

non hai nin cunetas, polo que o desgaste do paso da auga, acabará con este rego en pouco tempo.

¿Axustouse a obra ao proxecto?

¿Por qué se decide regar e tirar grava miúda con tan pouco calidade os camiños?

Di o señor alcalde que en principio ese tramo non ía asfaltarse, pero se está mal deberase corrixir.

6. Sobre o estado de conservación do Centro de Interpretación do Pico Sacro.

Tal e como amosamos nas imaxes, o estado dos exteriores do Centro de Interpretación do Pico Sacro son lamentables:

- Caeron as tellas do hórreo.
- Hai unha mesa esbandallada fóra que da unha imaxe lamentable.
- A papeleira está tirada e o banco exterior case podre.
- A viña está sen podar.
- As hedras reman ao seu ancho polos muros, ofrecendo un aspecto lamentable.
- A madeira das ventás e das portas están arqueadas e sen pintura ofrecendo un estado de edificación en ruínas.

Xa sabemos que no anteprojecto de obradoiro de emprego que aprobaron en Decreto da alcaldía, van unhas obras referidas a este centro. Porén, as tarefas de mantemento (limpeza, poda, limpeza dos valos, arranxos menores en tellados... son de urxente realización e de escaso custo. Toda vez que temos no cadro de persoal un concelleiro de servizos con dedicación exclusiva, un funcionario encargado de servizos e outro funcionario capataz de obras, da a sensación de que nos falta alguén que poida pasar a desbrozadora, podar a viña e facer pequenos arranxos de albanelería.

O centro é bastante visitado pola xente que vén a coñecer o noso concello e o Pico. E a imaxe que da este centro de interpretación, que tantos cartos custou poñelo en pé, é lamentable.

Di o señor alcalde que neste momento hai dous operarios de baixa, pero tan pronto se poida farase.

7. ¿En calidade de qué participa o Sr. Rodeiro en todos os actos institucionais do concello de Boqueixón?.

Levamos máis 6 meses dende que Boqueixón cambiou de alcalde e o grupo municipal de Veciñ@s observa que en todos os actos que participa, e nos que non é convidado tamén, o alcalde aparece sempre pegado a un señor, que disque é Delegado Provincial da Xunta na Coruña.

En calidade de que participa o Sr. Rodeiro en todos os actos institucionais de Boqueixón?

En calidade de ex-alcalde, de delegado, de asesor ou de “amuleto” do alcalde?

Non lle parece realmente excesivo esta presenza e incluso que tome a palabra en todos os actos institucionais de Boqueixón?

Responde o señor alcalde que é un veciño de Boqueixón, que foi alcalde, é delegado territorial e gústalle falar en público.

A continuación a señora Soutullo fai os seguintes

ROGOS

1. Sobre a ruta de pescadores que vai de Ponte Ledesma a Donas.

Aplaudir a iniciativa por parte do concello de recuperar esta ruta ao son do río. Agora haberá que mantela en bo estado e facerlle un mantemento.

Sería necesario darlle algo de publicidade para que tanto os veciños de Boqueixón como os de fóra do Concello a coñezan e gozen sobre todo de cara o verán.

Unha forma de por en valor o noso.

2. Sobre a limpeza do camiño de monte de Castro de Abaixo a Ledesma.

Reiteramos este rogo que xa foi feito no pleno do 9 de novembro pois aínda que o Sr. Sanjuás nos dixo que xa se estaba a facer, o camiño segue igual.

3. Sobre o arranxo e adacemento da Fonte de Castro.

Esta fonte foi feita cando era alcalde do noso concello Luis Bragaña e dende aquela non se fixo ningún tipo de mantemento polo que o seu estado é calamitoso.

Cónstame que o Sr. alcalde xa ten coñecemento do uso que os veciños fan dela e do interese que teñen no seu arranxo, polo que trasladamos esta petición ao Pleno.

O señor alcalde di que vaise limpar e logo verase o que é necesario facer.

PREGUNTAS

1. Sobre a ordenanza de servizos sociais para favorecer a inclusión social.

¿A qué é debido a tardanza de traer ao Pleno para súa aprobación dita ordenanza?

Responde o señor alcalde que a traballadora social está con ela, pero debido á carga de traballo, de momento non lle deu tempo.

2. Sobre o uso compartido do transporte escolar.

No anterior Pleno (8 de marzo) o Sr. alcalde díxonos que trataría de informarse de por qué no noso concello se deixara de prestar o servizo TES+BUS.

¿Sabemos se este servizo se volverá a implantar no noso concello?

¿Transmitíuselle esta preocupación ao Consello Escolar? ¿Temos algunha resposta?

Vemos que por parte da Xunta de Galicia existe tamén a preocupación de rendibilizar estas rutas escolares polo que esperamos que o concello de Boqueixón non quede sen este servizo.

A concelleira M^a Carmen Botana, responde que iso é un tema da consellería.

Pregunta a señora Soutullo Carolo se non se pode recuperar.

Responde o señor alcalde que tiveron unha xuntanza na Coruña e non o sabían. O caso é que son os pais dos escolares os que non queren.

3. Sobre o transporte metropolitano.

Despois do que acabamos de ver sobre o fin das concesións e a renovación das novas liñas de transporte, e sobre o renovado o Plan de Transporte Metropolitano de Santiago,

- Queda algunha liña suspendida en Boqueixón?
- Qué propostas ten o concello de Boqueixón para presentar na Consellaría?
- Poderían pasarnos as previsións de transporte que manexa a Dirección Xeral de Mobilidade para as liñas que afectan a Boqueixón?

O señor alcalde di que en Boqueixón está todo ben, pero tamén é certo que se están aboando aproximadamente 11.000 € porque o uso é importante.

Pregunta a señora Soutullo se hai algunha proposta para presentar na Consellería e responde o señor alcalde que de momento non se ten presentada ningunha.

En canto ás previsións de transporte , di o señor alcalde que a partir do 2018 sairá un novo concurso.

4. Sobre a recollida de voluminosos porta a porta.

Somos sabedores de que esta pregunta xa foi feita no Pleno de xaneiro pero como o Sr. alcalde nos manifestou que estaba a facer un estudo para ver se a través de Coregal se podería prestar este servizo quixeramos saber se é posible este tipo de recollida no concello e cando se vai implantar.

Responde o señor alcalde que posiblemente haberá que sacalo a concurso.

O señor Barcala fai os seguintes

ROGOS

1. Sobre o arranxo da pista de Camporrapado a León.

Rogamos que se repare a pista de Camporrapado a León, pois atópase nun estado lamentable e chea de fochancas. Esta pista é moi importante porque une dous concellos, Touro e Boqueixón e úsana a diario moitos traballadores das industrias de Camporrapado e tamén, por suposto, o transporte escolar.

2. Sobre a limpeza no concello.

Rogamos que se faga unha campaña de concienciación de limpeza do noso concello, posto que estamos vendo que están cheos de lixo os nosos espazos públicos, estradas, pistas parques, ríos, rúas. Así mesmo tamén se debería concienciar aos escolares e os ámbitos da ensinanza desta campaña de fomento da limpeza nos lugares públicos e privados.

3. Sobre a numeración das vivendas.

Rogamos que se busque unha solución á numeración das vivendas e naves industriais do noso concello, porque é un verdadeiro caos sobre de todo para os carteiros e non digamos cando veñen substitutos a cubrir as vacacións dos titulares entregan cartas onde non corresponde cos prexuízos que causa non recibir axeitadamente o correo.

PREGUNTAS:

1. Sobre a torreta do repetidor de Castromouro (Vila de Cruces).

En relación á factura da torreta do repetidor de Castromouro, queremos manifestar que ao noso entender foi excesiva, só para a reposición da torreta, pois o material de transmisión abóao a Xunta.

¿Por qué se instalaron as antenas emisoras na metade da torreta e non na parte máis alta da mesma para ter así un maior alcance da sinal como viña estando antes na derradeira torreta? Este defecto na instalación mingua o alcance da cobertura e ao mesmo tempo tería que abaratar o proxecto pois afórrase en material.

Responde o señor alcalde que “non se instalou novo material de transmisión senón que se procedeu á reinstalación dos equipos existentes.

Instalouse unha torreta (máis alta), de 26 metros de altura, pintada en cor verde. Para elo houbo que desprazar unha grúa de 40 toneladas de peso. O seu desprazamento e montaxe encareceron notablemente a montaxe da torreta.

Ademais houbo que instalar un novo pararraios, posto que o existente foi roubado e tamén houbo que colocar unha nova baliza de sinalización na cima porque a anterior rompeu.

Segue dicindo o alcalde que a torreta instalada é máis alta ca anterior en previsión de facer a instalación de novos reemisores de wifi e que as antenas emisoras están á mesma altura que as antigas.”

2.- Sobre a situación de internet no concello

A UE di que no ano 2020 todos os fogares de España teñen que ter cobertura de ADSL con 30 Mgb. E no noso concello aínda non temos 1,5 Mgb. Os que temos a sorte de ter ADSL.

¿Qué novidades temos no tema da internet?

3. Sobre a inserción dos alumnos dos obradoiros de emprego.

Das persoas que remataron os distintos obradoiros de emprego no noso concello,

¿Atopou algunha traballo neste concello ou fora del relacionada coa formación que recibiron?.

Se hai algunha, ¿pódenos dicir cantos?

Responde o señor alcalde que “os obradoiros realizados desde o ano 2013 entre Vedra e Boqueixón formaron a 60 alumnos/as traballadores/as, sendo a inserción aproximada dun 20 % nas ocupacións para as cales se formaron.”

4. En relación ao intercambio entre os concellos de Boqueixón e Ibiza.

Con relación ao intercambio entre os concellos de Boqueixón e Ibiza de 20 adolescentes entre 13 e 18 anos acompañados por 2 adultos, e outros 20 entre 16 e 26 anos acompañados por outros dos adultos, que viaxarán a Ibiza do 16 ao 26 de xullo os primeiros e do 2 o 9 de agosto os segundos.

¿Pódenos dicir como se van seleccionar e en qué datas se vai expoñer ao público?

Responde o señor alcalde que: “No mes de xaneiro iníciase unha busca con outras comunidades autónomas para a realización dun intercambio xuvenil para menores de 18 anos, atopando resposta por parte do departamento de xuventude do concello de Ibiza (Centro de Creación Joven 19)

Co data 6/4/17 o concello de Boqueixón asina un convenio co concello de Ibiza para a realización dun intercambio - campamento.

Os compromisos por ambos concellos son:

- Intercambio grupo de Ibiza en Boqueixón 22 prazas incluíndo monitores do 19 ó 26 de xullo, dirixido a mozos/as de 13 a 18 anos.
- Intercambio grupo de Boqueixón en Ibiza 25 prazas incluíndo monitores do 2 ó 9 de agosto, dirixido a mozos/as de 15 a 17 anos.
-

O número de participantes pode variar segundo a demanda de dita actividade, estando ambas partes de acordo.

O intercambio do grupo de Ibiza en Boqueixón é xestionado directamente polo departamento de xuventude de Ibiza en canto a selección e exposición de admitidos.

As condicións do grupo de Boqueixón en Ibiza serán:

O número de prazas será dividido entre os concellos de Boqueixón e Vedra, ampliando ao concello de Vila de Cruces en caso de quedar prazas vacantes.

O motivo de compartir as prazas é debido a que en materia de Xuventude e Voluntariado levamos anos firmando un convenio para colaborar e compartir actividades, onde un dos concellos actúa como representante, neste caso Boqueixón.

O número de prazas será de 12 por concello e a adjudicación será ata cubrir o número de prazas (entendese por orde de inscrición). Dita actividade reflíctese na Xanela de primavera, publicada o 17 de marzo na web do concello e posteriormente en formato folleto enviado nos colexios e por correo postal, dando unha ampla marxe dende a súa publicación ata a súa inscrición. Con data 28 de abril faise un recordatorio na web e redes sociais que o día 2 de maio ábrese o prazo de inscricións da “Acción de Verán”, que inclúe esta actividade.

A día 10 de maio o número de inscricións para o intercambio a Ibiza é de 2.

A publicación dos admitidos farase na páxina web a partir do 26 de maio.”

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria-interventora

Visto e prace
O alcalde